

APROXIMACIÓN SOCIOEDUCATIVA Á ATENCIÓN A PERSOAS CON PROBLEMAS RELACIONADOS CO USO DE DROGAS



1.- Presentación:

O uso de drogas e a participación noutras condutas adictivas ten unha importante extensión e afecta de xeito especial ás persoas máis novas. Ademáis, as consecuencias tanto directas como indirectas derivadas do propio consumo/participación poden afectar de xeito importante tanto ás persoas como á súa contorna.

Con este curso tratamos de achegar ás participantes á prevención e atención de persoas con problemas relacionado co uso de sustancias.

2.- Datos básicos da formación:

Datas: O xoves 14 de novembro terá lugar a primeira sesión presencial de 15:00h a 19:00h e o venres día 15 terá lugar a segunda en horario de 10:00h a 14:00h e de 15:00h a 19:00h.

Duración do curso: 24h (12 de sesións presenciais e 12 de traballo persoal)

Modalidade: Mixta, 12h de formación presencial (3 sesións de 4h) e 12h de traballo autónomo

Lugar:  [R/ Lisboa 20, Baixo C Santiago de Compostela 15707](#)

Cota de matriculación:

- **50 €** Colexiadas ou Amigas do Ceesg (ou calquera outro Colexio Profesional adscrito ao CGCEES)
- **100 €** persoas non colexiadas.

Inscripcións: Na páxina web do Ceesg. ceesg.gal

Data límite inscricións: 10 de novembro do 2024.

3.- Obxectivos:

- Familiarizarse con conceptos básicos neste eido
- Identificar diversos problemas relacionados co uso de sustancias e con outras condutas adictivas
- Coñecer as características e extensión de diferentes condutas adictivas
- Incorporar a perspectiva de xénero no ámbito das adiccións
- Coñecer diversas estratexias de prevención
- Achegar ás persoas participantes a como se aborda a atención ás persoas con problemas relacionados co uso de drogas
- Informar sobre recursos para a prevención e a a atención
- Coñecer a relación destas condutas con outros problemas. Especialmente os problemas de saúde mental

4.- Contidos:

PROGRAMA:

Sesión 1
Data: 14/11/2024
Hora: 15:00h
Poñentes: Blanca Pazos e Alfonso Tembrás
Temas a tratar: Persoas con problemas relacionados co uso de drogas. Outras condutas adictivas. Conceptos xerais. Drogas: características e extensión. Xénero e drogas.

Sesión 2
Data: 15/11/2024
Hora: 10:00h
Ponente: Blanca Pazos e Alfonso Tembrás
Temas a tratar: Prevenición. Conceptos xerais. Estratexias de prevención. Factores de risco e de protección. Modelo PRECEDE. Algúns Programas de prevención.
Sesión 3
Data: 15/11/2024
Hora: 15:00h
Poñentes: Blanca Pazos e Alfonso Tembrás
Temas a tratar: A atención a personas con problemas relacionados co uso de drogas. Conceptos: desintoxicación, deshabitación, incorporación social. Rede de atención: recursos, programas e rede. Patoloxía dual.

ACTIVIDADES NON PRESENCIAIS

1º Sesión:

A/ Elaboración dun cadro plasmando sustancias que se consumen habitualmente (consultar estadísticas PNSD), as súas principais características e a extensión do seu consumo. Outra alternativa é elaborar un cadro similar con outras condutas adictivas.

B/ Completar cadro iniciado na sesión con diversos riscos /problemas derivados do consumo de sustancias e outras "condutas adictivas"

2º Sesión:

A/ Facer un "Balance Decisional" valorando un posible cambio de hábito: cambio na dieta, comezar a facer exercicio, ...

B/Facer análise iniciado durante a sesión seguindo o MODELO PRECEDE

3º Sesión:

Elaborar un pequeno dicionario estilo "PASAPALABRA" con conceptos aprendidos durante as sesións.

5.- Metodoloxía:

A través de exposicións, investigación, tarefas e comentarios de videos tentaremos achegarnos dun xeito activo a esta realidade.

6.- Público destinatario:

Educadoras e Educadores Sociais que traballen en recursos de atención primaria básica, específica ou secundaria, e desenvolvan a súa labor acompañando a persoas con algún tipo de adicción.

Calquera profesional do ámbito socioeducativo que traballe na administración pública, en entidades do terceiro sector ou asociacións.

Calquera persoa con interese no tema.

7.- Docentes:



Blanca Pazos Riveiro
Educatora Social Colex. 3547

Blanca Pazos Riveiro: *Educatora Social na Comunidade Terapéutica Julio Portela e no Equipo de Prevención de Drogodependencias do ACLAD de A Coruña. Tamén traballou coma Educatora Social no Servizo municipal de atención a urxencias sociais (SEMUS) na Coruña, na Unidade Municipal de Drogodependencias (UMAD) en Santiago de Compostela e na asociación Chavós en Compostela novamente. Ten experiencia docente en diversos obradoiros de prevención da drogodependencia no concello de A Coruña e cursos de mediación na UDC.*



Alfonso Tembrás López
Educatore Social Colex. 0103

Alfonso Tembrás López: *Diplomado Ciencias da Educación pola USC. É experto en Educación para a Saúde e no Tratamiento integral de drogodependencias. Traballa como Educadore Social no ACLAD de A Coruña e ten experiencia laboral no equipo de prevención da Asociación Emilia Gómez ADAFAD e experiencia como docente en diversos cursos do plan FIP, cursos de mediadores en saúde e obradoiros de prevención da drogodependencia no Concello de A Coruña.*

ceesg@ceesg.gal | 981.552.206

www.ceesg.gal